



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. **RSCTG 28/2022**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED] mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 21 de xaneiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de marzo de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 21 de xaneiro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Facenda, á información sobre o número de denuncias contra os grandes operadores do xogo en Galicia, número de denuncias penais, querelas ou actuacións da Consellería contra inspectores de xogo, denuncias administrativas y/o actuacións de oficio por faltas cometidas por algún inspector de xogo, reclamacións de responsabilidade patrimonial iniciadas por accións, omisións ou disfuncións da Consellería contra os seus responsables, e informe sobre falla dunha información na declaración de compatibilidade do Sr. Conselleiro de Facenda.

A entidade interesada en resumo, alega que non obtivo resposta á súa solicitude.

Segundo. Con data do 3 de marzo de 2022, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de marzo de 2022.

Terceiro. Con data do 23 de marzo de 2022, a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que no escrito presentado pola Asociación reclamante, se realizan numerosas consideracións e alusións inconexas, e dedúcese que solicita o acceso á información en relación co número de denuncias contra grandes operadores do xogo en Galicia, número de denuncias penais, querelas ou actuacións da Consellería de Facenda e Administración Pública contra os inspectores de xogo, denuncias administrativas e/ou actuacións de oficio por faltas cometidas por algún inspector de xogo, reclamacións de responsabilidade patrimonial iniciadas por accións, omisións ou disfuncións da consellería contra os seus responsables, así como declaración de incompatibilidade do titular da Consellería de Facenda e Administración Pública.

A Consellería logo de analizar o escrito presentado e centrándose na petición de datos que se poden considerar información pública, con data do 21 de marzo de 2022 resolveuse a dita solicitude, que foi notificada e aceptada polo interesado ese mesmo día.

Fai constar que para dar resposta a determinadas cuestións, se requiría contar cos datos actualizados que se publican no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, tendo en conta que os altos cargos da Xunta de Galicia dispoñen de tres meses, a contar desde a súa toma de posesión ou cese, para presentar as súas declaracións de bens patrimoniais e de actividades.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2028, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2028 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2028, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2028, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2028, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2028, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a solicitude presentouse o 20 de xaneiro de 2022 sen obter resposta e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 21 de febreiro de 2022, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Asociación reclamante solicitou da Consellería de Facenda e Administración Pública información sobre o número de denuncias en materia de xogo (grandes operadores, inspectores de xogo), reclamacións de responsabilidade patrimonial, e informe sobre falla dunha información nunha declaración de compatibilidade.

A Consellería, unha vez solicitado informe pola Comisión, resolveu de forma expresa a solicitude, resolución que foi notificada á Asociación interesada.

Procede por tanto a estimación por motivos formais da reclamación presentada, sen prexuízo de que si o reclamante o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

Debe lembrarse á Consellería de Facenda e Administración Pública, de conformidade co establecido no artigo 20.6 da Lei 19/2013, que o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED], en representación [REDACTED] con data do 21 de febreiro de 2022, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Facenda, á información sobre o número de denuncias contra os grandes operadores do xogo en Galicia, número de denuncias penais, querelas ou actuacións da Consellería contra inspectores de xogo, denuncias administrativas y/o actuacións de oficio por faltas cometidas por algún inspector de xogo, reclamacións de responsabilidade patrimonial iniciadas por accións, omisións ou disfuncións da Consellería contra os seus responsables, e declaración de compatibilidade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA

DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2022.03.31 08:38:29 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.